

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.*

#### Preámbulo

O Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro, en que se aproba o procedemento básico para a certificación enerxética de edificios de nova construción, é unha das medidas de desenvolvemento do Plan de acción de aforro e eficiencia enerxética no sector da construción en España, e é unha transposición parcial da Directiva 2002/91/CE. Este real decreto ten como obxectivo principal establecer o procedemento básico que debe cumprir a metodoloxía de cálculo da cualificación de eficiencia enerxética, considerando os factores de maior incidencia no consumo de enerxía dos edificios de nova construción ou que se modifiquen, reformen ou rehabiliten nunha extensión determinada.

O Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a certificación enerxética de edificios de nova construción na Comunidade Autónoma de Galicia establece no seus artigos 17 (Constitución do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios) e 18 (Obxecto do rexistro), é por isto que esta orde pretende desenvolver o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración desta norma tivéronse en conta os preceptos e condicións precisas do réxime autorizador establecidos na Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de decembro de 2006 relativa aos servizos no mercado interior (DOUE L376, do 27-12-2006. Neste senso, a autorización de axentes a que se refire os capítulos I e II desta orde cumpre coas condicións e criterios establecidos nos artigos 9 e 10 da referida directiva, e non supedita o acceso á condición de entidade autorizada aos requisitos prohibidos no seu artigo 14 ou aos requisitos que precisan avaliación que figuran no artigo 15.2º.

Polo exposto, en uso das competencias que esta consellería ten atribuídas en materia de aforro e eficiencia enerxética e das facultades que me foron conferidas, na súa virtude,

#### DISPOÑO

##### CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

#### Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto regular o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de

Certificados de Eficiencia Enerxética, tanto en fase de proxecto como de edificio rematado de edificios situados na Comunidade Autónoma de Galicia, que se crea no artigo 17 do Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro de 2009, polo que se regula a Certificación Enerxética de edificios de nova construción na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 2º.-*Obriga de inscrición no rexistro.*

1. O/a promotor/a ou propietario/a de todo edificio incluído no ámbito de aplicación do Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a Certificación Enerxética de edificios de nova construción na Comunidade Autónoma de Galicia, por si mesmo ou a través dunha entidade de control de calidade na edificación acreditadas na área de eficiencia enerxética (en diante ECCE-EE), está obrigado á inscrición no rexistro dos correspondentes certificados de eficiencia enerxética, tanto de proxecto, como do edificio rematado.

2. Non se admitirá a inscrición no rexistro de ningún certificado que non incorpore toda a documentación regulamentariamente exixida. En especial, non se permitirá a inscrición de certificados que non dispoñan da correspondente acta de verificación, coa sinatura e selo da ECCE – EE responsable do control externo, nos casos en que sexa obrigatorio.

#### Artigo 3º.-*Suxeitos responsables da inscrición no rexistro.*

1. O/a promotor/a ou propietario/a virá obrigado á inscrición, así como á renovación e modificación no rexistro dos correspondentes certificados de eficiencia enerxética. Poderá encomendar a unha ECCE-EE a incorporación no rexistro da documentación requirida para a correcta solicitude de inscrición dos certificados de eficiencia enerxética dun edificio.

2. No caso anterior, o/a promotor/a ou propietario/a deberá dar a conformidade á documentación, previamente incorporada pola ECCE – EE na solicitude de inscrición, para que teñan efecto os trámites correspondentes que completan a correcta inscrición no rexistro dos certificados de eficiencia enerxética.

#### CAPÍTULO II

##### INSCRICIÓN NO REXISTRO

#### Artigo 4º.-*Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética.*

1. A cada certificado de eficiencia enerxética, independentemente do número de cualificacións enerxéticas que conteña, asignaráselle un código único de Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética.

#### Artigo 5º.-*Prazos e condicións.*

1. Establécense os seguintes prazos para a inscrición no rexistro dos certificados de eficiencia enerxética dun edificio:

a) No caso de certificados de eficiencia enerxética dun edificio en fase de proxecto, suxeitos a control

externo, dentro dos 30 días naturais contados desde a data de emisión da acta de verificación do certificado.

b) No caso de certificados de eficiencia enerxética dun edificio en fase de proxecto, non suxeitos a control externo, dentro dos 30 días naturais contados desde a data de visado, polo colexio profesional, do proxecto de execución do edificio.

c) No caso de certificados de eficiencia enerxética de edificio rematado, suxeitos a control externo, dentro dos 30 días naturais a contados desde a data de emisión da acta de verificación do certificado.

d) No caso de certificados de eficiencia enerxética de edificio rematado, non suxeitos a control externo, dentro dos 30 días naturais contados desde a data de emisión da acta de recepción da obra.

2. A inscrición no rexistro do certificado de eficiencia enerxética do proxecto é condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio.

3. A inscrición no rexistro do certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado é condición necesaria para a solicitude da licenza de primeira ocupación ou, se é o caso, de actividade.

#### Artigo 6º.-*Modalidades de inscrición no rexistro.*

A inscrición no rexistro dun certificado de eficiencia enerxética poderá ser realizada optando por algunha das seguintes alternativas:

##### 1. Solicitude presencial.

a) O/a promotor/a ou propietario/a do edificio poderá presentar de xeito presencial a solicitude de inscrición no rexistro dun certificado de eficiencia enerxética cubrindo con medios electrónicos os modelos que se achegan no anexo I e no anexo II desta orde e que estarán dispoñibles no enderezo da internet <http://www.xunta.es>.

b) Para a solicitude presencial de inscrición no rexistro do certificado de eficiencia enerxética dun edificio achegarase a documentación que se describe nos artigos 8º e 9º desta orde, nos formatos e soportes definidos, así como o xustificante de pagamento da taxa vixente legalmente establecida.

c) A solicitude de inscrición no rexistro de xeito presencial poderá presentarse en calquera dos lugares establecidos no artigo 7 do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán, e no disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do proce-

demento administrativo común, coas modificacións introducidas pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

d) A documentación presentada enviarase ao Instituto Enerxético de Galicia para a súa validación técnica antes da confirmación do código de rexistro.

e) O código de rexistro será outorgado pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, e a confirmación do código asignado será notificada ao/á solicitante segundo o disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e incluirá:

i) Código único de rexistro, dando validez ao certificado de eficiencia enerxética.

ii) Tipo de documento, indicativo da natureza do documento que se rexistra: certificado de eficiencia enerxética de proxecto ou de edificio rematado.

##### 2. Solicitude telemática.

a) A solicitude telemática de inscrición no rexistro dun certificado de eficiencia enerxética, realizarase a través do enderezo da internet <http://www.xunta.es>, de acordo co establecido no artigo 5.2º do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán.

b) Estará dispoñible todos os días do ano durante as vinte e catro horas, orixinándose a consignación electrónica de hora e data, que respecto a esta última producirá os mesmos efectos que o procedemento administrativo establece para o cómputo de termos e prazos.

c) A solicitude telemática de inscrición no rexistro dun certificado de eficiencia enerxética, efectuarase conforme os modelos que se achegan no anexo I e anexo II desta orde e que estará dispoñible para a súa formalización e tramitación no enderezo da internet <http://www.xunta.es>.

d) Para realizar calquera tipo de tramitación telemática será necesario posuír un certificado dixital de acordo co establecido no artigo 5.4º do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán.

e) Para a solicitude telemática de inscrición no rexistro do certificado de eficiencia enerxética dun edificio achegarase a documentación necesaria para a inscrición no rexistro, que se describe no artigo 8º desta orde, así como o aboamento da taxa vixente legalmente establecida.

f) Os soportes e formatos de presentación de devandita documentación serán os que se establecen no artigo 9º desta orde.

g) A documentación presentada enviarase ao Instituto Enerxético de Galicia para a súa validación técnica antes da confirmación do código de rexistro.

h) O código de rexistro será outorgado pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas e a asignación deste código único e definitivo será notificada ao/á solicitante por vía telemática e incluírá, como mínimo, a seguinte información:

i) Código único de rexistro, dando validez ao certificado de eficiencia enerxética.

ii) Tipo de documento, indicativo da natureza do documento que se rexistra: certificado de eficiencia enerxética de proxecto ou de edificio rematado.

#### Artigo 7º.-*Acceso aos datos do rexistro.*

1. O acceso ao rexistro será telemático a través do enderezo da internet <http://www.xunta.es>.

2. O acceso ao rexistro queda limitado aos datos contidos na/s etiqueta/s de eficiencia enerxética.

3. O rexistro ten carácter público, producirá efectos exclusivamente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo independente de calquera outro que exista ou puidese ser creado por outros organismos públicos.

### CAPÍTULO III

#### DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ENTREGAR NO REXISTRO

Artigo 8º.-*Documentación esixida para a inscrición no rexistro.*

1. No caso de solicitude presencial de inscrición no Rexistro dun certificado de eficiencia enerxética, a dita solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

a) Unha copia do certificado de eficiencia enerxética, de acordo co modelo establecido no anexo II desta orde. En todos os casos os certificados irán asinados polo/a promotor/a e visados polo correspondente colexio profesional.

b) Unha copia, en formato e soporte dixital, da seguinte documentación:

i) Opción simplificada vivendas: táboas xustificativas e cálculos realizados para a obtención da cualificación de eficiencia enerxética.

ii) Opción xeral Calener VYP: arquivos xerados polo programa coas extensións: \*.pdf, \*.xml, \*.cte.

iii) Opción xeral Calener GT: arquivos xerados polo programa coas extensións: \*.pdf, \*.inp, \*.pd2, \*.pdl, así como outros ficheiros (librarías de equipos, etc.), necesarios para a completa e correcta visualización da cualificación de eficiencia enerxética co programa Calener GT.

iv) Opción de cualificación alternativa ás anteriores: descrición das características enerxéticas do edificio, envolvente térmica, instalacións, condicións normais de funcionamento e ocupación e demais datos utilizados para obter a cualificación enerxética do edificio, de acordo co establecido no Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro.

c) En caso de certificados de eficiencia enerxética suxeitos a control externo, ademais do anterior, unha copia da acta de verificación do certificado de eficiencia enerxética emitida pola ECCE-EE, cuberta con medios electrónicos, impresa en papel e con sinatura manuscrita, de acordo co modelo que se establecerá na orde que regule o control externo da certificación de eficiencia enerxética de edificios de nova construción en Galicia.

2. En caso de solicitude telemática de inscrición no rexistro dun certificado de eficiencia enerxética, a dita solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

a) Certificado de eficiencia enerxética, de acordo co modelo establecido no anexo II desta orde. En todos os casos os certificados irán asinados electronicamente polo/a promotor/a e visados polo correspondente colexio profesional.

b) Documentación relativa á cualificación de eficiencia enerxética do edificio, que en función da opción elixida para a obtención da devandita cualificación, será a seguinte:

i) Opción simplificada vivendas: táboas xustificativas e cálculos realizados para a obtención da cualificación de eficiencia enerxética.

ii) Opción xeral Calener VYP: arquivos xerados polo programa coas extensións: \*.pdf, \*.xml, \*.cte.

iii) Opción xeral Calener GT: arquivos xerados polo programa coas extensións: \*.pdf, \*.inp, \*.pd2, \*.pdl, así como outros ficheiros (librarías de equipos, etc.), necesarios para a completa e correcta visualización da cualificación de eficiencia enerxética co programa Calener GT.

iv) Opción de cualificación alternativa ás anteriores: descrición das características enerxéticas do edificio, envolvente térmica, instalacións, condicións normais de funcionamento e ocupación e demais datos utilizados para obter a cualificación enerxética do edificio, de acordo co establecido no Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro.

c) En caso de certificados de eficiencia enerxética suxeitos a control externo, ademais do anterior, acta de verificación do certificado de eficiencia enerxética emitida pola ECCE-EE e asinada electrónica, de acordo co modelo que se establecerá na orde que regule o control externo da certificación de eficiencia enerxética de edificios de nova construción en Galicia.

3. Cando o/a promotor/a ou propietario/a sexa persoa xurídica deberase presentar poder de representación do representante legal.

*Artigo 9º.-Soportes e formatos de presentación de documentación.*

1. Os formatos dixitais da documentación que hai que achegar para a solicitude de inscrición no rexistro serán os seguintes:

a) Planos: arquivos en formato dixital compatible co programa Calener VYP (\*.dxf, \*.bmp) ou arquivos en formato \*.dwg.

b) Resto de documentación: arquivos en formato dixital compatible con software comercial.

2. En caso de solicitude presencial, a copia da documentación que hai que achegar en formato dixital farase nun soporte individual das seguintes características:

a) Tipo de soporte: CD ou DVD de 12 cm.

b) Formato ISO/IEC DIS 9660:1999, con ou sen extensión Joliet.

c) Gravación sen multisesión.

3. Os soportes dixitais individuais levará unha etiqueta adherida no exterior en que se farán constar os datos que se indican a continuación, necesariamente na mesma orde:

a) Tipo de certificado que se rexistra: CEE proxecto ou CEE edificio rematado.

b) Opción de cualificación empregada no certificado.

c) Número de solicitude de rexistro do certificado de eficiencia enerxética. Será cuberto polo rexistro no momento da solicitude.

d) Nome, apelidos/razón social do/a solicitante.

e) Código de identificación fiscal (CIF), documento nacional de identidade (DNI) do/a solicitante.

f) Número de teléfono de contacto telefónico do/a solicitante.

g) Número total de arquivos que inclúe o soporte.

h) Finalmente, no caso de que a documentación que se entregue implique utilizar máis dun soporte,

incorporarase unha nova etiqueta numerada secuencialmente: 1/n, 2/n, etc., sendo n o número total de soportes por copia.

4. O rexistro terá a obriga de conservar toda a documentación achegada para as solicitudes de inscrición durante, polo menos, 15 anos.

*Artigo 10º.-Prazos e condicións para a emenda de defectos.*

Cando un soporte dixital presentado no rexistro non se axuste ás especificacións establecidas nesta orde, ou non resulte posible o acceso á documentación contida nel, a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas ou o Instituto Enerxético de Galicia procederán segundo o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para o que disporá dun prazo de 10 días naturais contados desde a data de recepción da notificación para emendar a documentación solicitada.

*Disposicións transitorias*

Primeira.

Ata a implementación dos correspondentes sistemas telemáticos para o procedemento de rexistro de certificados de eficiencia enerxética, a solicitude de rexistro, o acceso e a xestión realizaranse mediante a alternativa descrita no artigo 6º.1 desta orde. A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas publicitará a través da súa páxina web o momento en que estea operativo este sistema telemático.

Segunda.

Mentres non se estableza a taxa de rexistro de certificados de eficiencia enerxética que será obxecto de aprobación na Lei xeral de orzamentos, aplicarase a taxa de inscrición en rexistros oficiais contida no número 2 do anexo I da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-*Desenvolvemento e execución.*

Autorízase a persoa titular da dirección xeral competente en materia de enerxía para que leve a cabo cantas actuacións sexan necesarias para o cumprimento do establecido nesta orde.


Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2009.

Javier Guerra Fernández  
Conselleiro de Economía e Industria

ANEXO I

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> <b>CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA</b> D. X. de Industria, Enerxía e Minas Edif. advo. San Caetano, bloque 5-4ª planta. 15781 Santiago de Compostela	<b>SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN</b>  Número de solicitude de rexistro <sup>(1)</sup> : Data de inscrición no rexistro <sup>(2)</sup> : dd/mm/aaaa hh:mm  (1) (2) Para cubrir pola Administración	
	<b>Tipo de documento que se rexistra:</b>	<input type="checkbox"/> CEE PROXECTO
Proxecto:	Provincia:	Selo rexistro Concello/Localidade:

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE CERTIFICADOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DE EDIFICIOS


<b>Identificación do proxecto</b>			
Nome do proxecto:			
Enderezo:			CP: <input type="text"/>
Provincia:	Concello: <input type="text"/>	Localidade: <input type="text"/>	
Referencia catastral da parcela:			
<b>Datos do solicitante</b>			
Nome ou razón social:			CIF: <input type="text"/>
Representado legalmente por:			NIF: <input type="text"/>
Enderezo:			
Provincia:	Concello: <input type="text"/>	CP: <input type="text"/>	
Correo electrónico:			
Teléfono:			Fax: <input type="text"/>
<b>Datos relativos á notificación</b>			
Enderezo para a notificación:			
Provincia:	Concello: <input type="text"/>	CP: <input type="text"/>	
Correo electrónico:			
Teléfono:			Fax: <input type="text"/>
O solicitante presta o seu consentimento para a notificación para os efectos segundo o art. 59.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común			
<input type="checkbox"/> POR CORREO ELECTRÓNICO		<input type="checkbox"/> POR CORREO ORDINARIO	
O solicitante <b>autoriza en virtude do disposto no artigo 5.a do Decreto 42/2009 a entidade de control para a presentación da solicitude no Rexistro de Certificados de eficiencia enerxética de edificios</b>			
<b>Entidade de control:</b> <input type="text"/>			

Esta solicitude ten por obxecto iniciar o procedemento de inscrición no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no art. 2.1º da Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.

....., .....de .....de 20...

O solicitante (nome e apelidos/sinatura)


## ANEXO II

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> <b>CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA</b> D. X. de Industria, Enerxía e Minas Edif. adv. San Caetano, bloque 5-4ª planta. 15781 Santiago de Compostela	<b>CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA</b>		Selo rexistro
	Código de rexistro <sup>(1)</sup> : Data de inscrición no rexistro <sup>(2)</sup> : dd/mm/aaaa Validez máxima ata <sup>(3)</sup> : dd/mm/aaaa		
Proxecto:	CEE PROXECTO	CEE EDIFICIO TERMINADO	Concello/Localidade:

Identificación do proxecto						
Nome do proxecto:						
Enderezo:					CP:	
Provincia:	Concello:			Localidade:		
Referencia catastral da parcela:						
Promotor(a)/propietario(a)						
Razón social:				CIF:		
Persoa de contacto:				NIF:		
Enderezo:						
Provincia:	Concello:			CP:		
Correo electrónico:						
Teléfono:				Fax:		
Autor(es) do proxecto						
Nome e apelidos/razón social:				CIF/NIF:		
Colexio profesional:				Nº colexiado:		
Nome e apelidos/razón social:				CIF/NIF:		
Colexio profesional:				Nº colexiado:		
Dirección facultativa – director de obra <sup>(4)</sup>						
Nome e apelidos:				NIF:		
Enderezo:						
Provincia:	Concello:			CP:		
Correo electrónico:						
Teléfono:				Fax:		
Colexio profesional:				Nº colexiado:		
Dirección facultativa – director de execución da obra <sup>(4)</sup>						
Nome e apelidos:				NIF:		
Enderezo:						
Provincia:	Concello:			C.P.:		
Correo electrónico:						
Teléfono:				Fax:		
Colexio profesional:				Nº colexiado:		
ECCE – EE <sup>(5)</sup>						
Razón social:				CIF:		
Persoa de contacto:				NIF:		
Enderezo:						
Provincia:	Concello:			C.P.:		
Correo electrónico:						
Teléfono:				Fax:		
Técnicos(as) de control externo <sup>(5)</sup>						
Nome e apelidos:				NIF:		
Correo electrónico:				Teléfono:		
Nome e apelidos:				NIF:		
Correo electrónico:				Teléfono:		
Resumo de cualificacións de eficiencia enerxética						
Nº de etiqueta	Referente a:	Individual/Colectiva	Cualificación obtida	Consumo ano (kWh/ano)	Emisións ano (kg CO <sub>2</sub> /ano)	
1						
2						
3						
4						
5						

(1) (2) (3) Para cubrir pola Administración (4) Só en caso de que se trate dun CEE de edificio terminado (5) Só en caso de que aplique control externo

Data CEE	Sinaturas		Data visado proxecto execución	Data emisión acta recepción obra (só en caso de CEE edificio terminado)	Data emisión acta verificación (só en caso de aplicación control externo)
dd/mm/aaaa	Proxectista/dirección facultativa	Promotor(a)/propietario(a)	dd/mm/aaaa	dd/mm/aaaa	dd/mm/aaaa

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> <b>CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA</b> D. X. de Industria, Enerxía e Minas Edif. adv. San Caetano, bloque 5-4ª planta. 15781 Santiago de Compostela	<b>CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA</b>		Selo rexistro
	Código de rexistro <sup>(1)</sup> : Data de inscrición no rexistro <sup>(2)</sup> : dd/mm/aaaa Validez máxima ata <sup>(3)</sup> : dd/mm/aaaa		
Proxecto:	<input type="checkbox"/> CEE PROXECTO	<input type="checkbox"/> CEE EDIFICIO TERMINADO	Provincia:
			Concello/Localidade:

Opción elixida para a obtención da cualificación de eficiencia enerxética (marcar cun X a opción que corresponda)		
Opción	Nome do documento recoñecido	Versión
<input type="checkbox"/> Simplificada	Opción simplificada para a cualificación de eficiencia enerxética de edificios de vivendas	
<input type="checkbox"/> Simplificada alternativa		
<input type="checkbox"/> Xeral	CALENER	
<input type="checkbox"/> Xeral alternativa		
Tipo de uso (marcar cun X a opción que corresponda)		
<input type="checkbox"/> Vivenda	<input type="checkbox"/> Outros usos	
Tipo de construción (marcar cun X a opción que corresponda)		
<input type="checkbox"/> Vivenda unifamiliar	<input type="checkbox"/> Edificios de outros usos distintos a de vivenda	
<input type="checkbox"/> Conxunto de vivendas unifamiliares	<input type="checkbox"/> Conxunto de edificios de outros usos distintos aos de vivenda	
<input type="checkbox"/> Edificio de vivendas en bloque	<input type="checkbox"/> Locais	
<input type="checkbox"/> Conxunto de edificios de vivendas en bloque	<input type="checkbox"/> Conxunto de locais	
Tipo de instalación <sup>(6)</sup> (marcar cun X a opción que corresponda)		
<input type="checkbox"/> Instalación individual		
<input type="checkbox"/> Instalación colectiva	<input type="checkbox"/> Aplicable a (só en caso de instalación colectiva)	
	<input type="checkbox"/> Edificio	
	<input type="checkbox"/> Conxunto de edificios	
Alternativa de cualificación <sup>(7)</sup> (marcar cun X a opción que corresponda)		
INDIVIDUAL	<input type="checkbox"/> Individual, dunha vivenda unifamiliar	
	<input type="checkbox"/> Individual, dun edificio de uso distinto ao de vivenda	
	<input type="checkbox"/> Individual, dun local	
COLECTIVA	<input type="checkbox"/> Conxunta, aplicable a un conxunto de vivendas unifamiliares con medianís comúns	
	<input type="checkbox"/> Conxunta, aplicable a un conxunto de edificios de vivendas unifamiliares	
	<input type="checkbox"/> Conxunta, aplicable a un conxunto de vivendas en bloque	
	<input type="checkbox"/> Conxunta, aplicable a un conxunto de vivendas en bloque, utilizando a opción de vivendas tipo	
	<input type="checkbox"/> Conxunta, aplicable á totalidade dun conxunto de edificios de vivendas en bloque	
	<input type="checkbox"/> Conxunta, aplicable a un edificio de uso distinto ao de vivenda	
	<input type="checkbox"/> Conxunta, aplicable á totalidade dun conxunto de edificios de uso distinto ao de vivenda	
	<input type="checkbox"/> Conxunta, aplicable a un conxunto de locais	

(6) Segundo o ANEXO I: glosario de termos


(7) Segundo o ANEXO II: opcións de aplicabilidade da certificación enerxética de edificios

Data CEE	Sinaturas		Data visado proxecto execución	Data emisión acta recepción obra (só en caso de CEE edificio terminado)	Data emisión acta verificación (só en caso de aplicación control externo)
	Proxectista/dirección facultativa	Promotor(a)/Propietario(a)			
dd/mm/aaaa			dd/mm/aaaa	dd/mm/aaaa	dd/mm/aaaa





## ANEXO A

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> <b>CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA</b> D. X. de Industria, Enerxía e Minas Edif. advo. San Caetano, bloque 5 – 4ª planta. 15781 Santiago de Compostela	<b>CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA</b>		Selo rexistro
	Código de rexistro <sup>(1)</sup> : Data de inscrición no rexistro <sup>(2)</sup> : dd/mm/aaaa Validez máxima ata <sup>(3)</sup> : dd/mm/aaaa		
Proxecto:	CEE PROXECTO	CEE EDIFICIO TERMINADO	Provincia:
		Concello/Localidade:	


Opción simplificada para a cualificación de eficiencia enerxética de edificios de vivendas

Etiqueta de eficiencia enerxética	
Número de etiqueta:	<b>1</b>
Referencia a:	

Descrición das características enerxéticas do edificio			
Zona climática (apéndice D, CTE-HE1)			
Superficie construída total (m <sup>2</sup> )			
Superficie útil total (m <sup>2</sup> )			
Área envolvente total (m <sup>2</sup> )			
% de ocos en fachada			
Volume acondicionado (m <sup>3</sup> )			
Compactidade			
Contribución solar de ACS (%)			
Envolvente térmica			
Concepto	Tipo	U (Wm <sup>2</sup> K)	U <sub>lim</sub> (Wm <sup>2</sup> K)
Fachadas			
Muros en contacto co terreo			
Particións interiores en contacto con espazos non habitables			
Solos			
Cubertas			
Medianís			
Particións interiores			
Marcos de ocos e lucernarios			
		<b>Factor solar</b>	<b>U (Wm<sup>2</sup>K)</b>
Vidios de ocos y lucernarios			<b>U<sub>lim</sub> (Wm<sup>2</sup>K)</b>

Data CEE	Sinaturas		Data visado proxecto execución	Data emisión acta recepción obra (só en caso de CEE edificio terminado)	Data emisión acta verificación (só en caso de aplicación control externo)
dd/mm/aaaa	Proxectista/dirección facultativa	Promotor(a)/propietario(a)			
			dd/mm/aaaa	dd/mm/aaaa	dd/mm/aaaa

ANEXO A (continuación)

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> <b>CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA</b> D. X. de Industria, Enerxía e Minas Edif. advo. San Caetano, bloque 5 – 4ª planta. 15781 Santiago de Compostela	<b>CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA</b>		Selo rexistro
	Código de rexistro <sup>(1)</sup> : Data de inscrición no rexistro <sup>(2)</sup> : dd/mm/aaaa Validez máxima ata <sup>(3)</sup> : dd/mm/aaaa		
Proxecto:	CEE PROXECTO	CEE EDIFICIO TERMINADO	Concello/Localidade:
		Provincia:	

Opción simplificada para a cualificación de eficiencia enerxética de edificios de vivendas

Etiqueta de eficiencia enerxética	
Número de etiqueta:	<b>1</b>
Referencia a:	

Instalacións térmicas (marcar cun X a opción que corresponda e completar os datos correspondentes á opción marcada)				
<b>CALEFACCIÓN</b>	Tipo instalación		Rendemento <sup>(11)</sup>	Combustible <sup>(12)</sup>
		Bomba de calor - aparellos divididos		
		Bomba de calor - aparellos compactos		
		Bomba de calor - aparellos conduto único		
		Caldeira individual		
		Caldeira individual mixta con acumulación		
		Caldeira individual mixta sen acumulación		
		Caldeira centralizada		
		Caldeira eléctrica efecto Joule		
<b>REFRIGERACIÓN</b>	Tipo instalación		Rendemento <sup>(13)</sup>	
		Xerador aire/aire - aparellos divididos		
		Xerador aire/aire - aparellos compactos		
		Xerador aire/aire - aparellos conduto único		
<b>ACS</b>	Tipo instalación		Rendemento <sup>(14)</sup>	Combustible <sup>(12)</sup>
		Caldeira sen acumulación		
		Caldeira con acumulación		
		Caldeira centralizada mixta		
		Caldeira eléctrica efecto Joule		

(11) Rendemento do equipo xerador de calefacción expresado pola súa clase enerxética co sistema de estrelas para as caldeiras segundo o Real decreto 275/1995, ou co sistema de letras para as bombas de calor segundo o Real decreto 142/2003.


(12) Tipo de combustible distinguindo entre: GN: gas natural, LIQ: combustible líquido (tipicamente gasóleo), GLP: gases licuados de petróleo (butano e propano).

(13) Rendemento do equipo xerador de refrixeración, expresado pola clase enerxética, co sistema de letras segundo o Real decreto 142/2003.

(14) Rendemento do equipo xerador de auga quente sanitaria, expresado pola súa clase enerxética, co sistema de estrelas segundo o Real decreto 275/1995.

Data CEE	Sinaturas		Data visado proxecto execución	Data emisión acta recepción obra (só en caso de CEE edificio terminado)	Data emisión acta verificación (só en caso de aplicación control externo)
	Proxectista/dirección facultativa	Promotor(a)/propietario(a)			
dd/mm/aaaa			dd/mm/aaaa	dd/mm/aaaa	dd/mm/aaaa

## ANEXO B


 <b>XUNTA DE GALICIA</b> <b>CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA</b> D. X. de Industria, Enerxía e Minas Edif. advo. San Caetano, bloque 5 – 4ª planta. 15781 Santiago de Compostela	<b>CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA</b>		Selo rexistro
	Código de rexistro <sup>(1)</sup> : Data de inscrición no rexistro <sup>(2)</sup> : dd/mm/aaaa Validez máxima ata <sup>(3)</sup> : dd/mm/aaaa		
Proxecto:	CEE PROXECTO	CEE EDIFICIO TERMINADO	Concello/Localidade:

## Opción xeral CALENER VYP

Descrición das características enerxéticas do edificio				
Zona climática (apéndice D, CTE-HE1)				
Superficie construída total (m <sup>2</sup> )				
Superficie útil total (m <sup>2</sup> )				
Área envolvente total (m <sup>2</sup> )				
% de ocós en fachada				
Volume acondicionado (m <sup>3</sup> )				
Compactidade				
Contribución solar de ACS (%)				
Envolvente térmica				
Concepto	Tipo	U (Wm <sup>2</sup> K) <small>(Valor recollido no documento pdf xerado polo programa CALENER)</small>	U <sub>lim</sub> (Wm <sup>2</sup> K)	
Fachadas				
Muros en contacto co terreo				
Particións interiores en contacto con espazos non habitables				
Solos				
Cubertas				
Medianís				
Particións interiores				
Marcos de ocós e lucernarios				
		<b>Factor solar</b>	<b>U (Wm<sup>2</sup>K)</b>	<b>U<sub>lim</sub> (Wm<sup>2</sup>K)</b>
Vidros de ocós e lucernarios				

Data CEE	Sinaturas		Data visado proxecto execución	Data emisión acta recepción obra <small>(só en caso de CEE edificio terminado)</small>	Data emisión acta verificación <small>(só en caso de aplicación control externo)</small>
	Proxectista/dirección facultativa	Promotor(a)/propietario(a)			
dd/mm/aaaa			dd/mm/aaaa	dd/mm/aaaa	dd/mm/aaaa

ANEXO B (continuación)

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> <b>CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA</b> D. X. de Industria, Enerxía e Minas Edif. adv. San Caetano, bloque 5 – 4ª planta. 15781 Santiago de Compostela	<b>CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA</b>		Selo rexistro
	Código de rexistro <sup>(1)</sup> : Data de inscrición no rexistro <sup>(2)</sup> : dd/mm/aaaa Validez máxima ata <sup>(3)</sup> : dd/mm/aaaa		
Proxecto:	CEE PROXECTO	CEE EDIFICIO TERMINADO	Concello/Localidade:

Opción xeral CALENER VYP

Instalacións térmicas (marcar cun "X" a opción que corresponda e completar os datos correspondentes á opción marcada)						
SÓ CALEFACCIÓN	Tipo instalación		Individual/colectiva <sup>(15)</sup> (nº de elementos)	Rendemento	Potencia nominal (kW)	Combustible <sup>(16)</sup>
	<input type="checkbox"/>	Caldeira convencional				
	<input type="checkbox"/>	Caldeira baixa temperatura				
	<input type="checkbox"/>	Caldeira condensación				
<input type="checkbox"/>	Equipo expansión directa aire – aire, bomba de calor					
SÓ FRÍO	Tipo instalación		Individual/colectiva <sup>(15)</sup> (nº de elementos)	Rendemento	Potencia nominal (kW)	Técnicas EE <sup>(17)</sup>
	<input type="checkbox"/>	Equipo autónomo de expansión directa só-frío (unizona)				
	<input type="checkbox"/>	Equipos autónomos só-frío mediante condutos de aire (multizona)				
CALEFACCIÓN + FRÍO	Tipo instalación		Individual/colectiva <sup>(15)</sup> (nº de elementos)	Rendemento	Potencia nominal (kW)	Combustible <sup>(16)</sup>
	<input type="checkbox"/>	Equipos de rendemento constante				
	<input type="checkbox"/>	Sistema expansión directa (Multisplits)				
	<input type="checkbox"/>	Sistema expansión directa (VRV)				
<input type="checkbox"/>	Autónomos expansión directa aire – aire, bomba de calor (condutos)					
CALEFACCIÓN + ACS	Tipo instalación		Individual/colectiva <sup>(15)</sup> (nº de elementos)	Rendemento	Potencia nominal (kW)	Combustible <sup>(16)</sup>
	<input type="checkbox"/>	Caldeira convencional				
	<input type="checkbox"/>	Caldeira baixa temperatura				
	<input type="checkbox"/>	Caldeira condensación				
<input type="checkbox"/>	Equipo expansión directa aire – auga, bomba de calor					
ACS	Tipo instalación		Individual/colectiva <sup>(15)</sup> (nº de elementos)	Rendemento	Potencia nominal (kW)	Combustible <sup>(16)</sup>
	<input type="checkbox"/>	Caldeira convencional				
	<input type="checkbox"/>	Caldeira baixa temperatura				
	<input type="checkbox"/>	Caldeira condensación				
<input type="checkbox"/>	Equipo expansión directa aire – auga, bomba de calor					

(15) Segundo o anexo I: glosario de termos


(16) Tipo de combustible distinguindo entre: E: electricidade, GN: gas natural, GAS: gasóleo, F: fuel – oil, GLP: gases licuados de petróleo (butano e propano), C: carbón, B: biomasa.

(17) Técnicas de eficiencia enerxética: F: free cooling, R: recuperación de calor.

Instalación solar térmica	Demanda de ACS (litros/día)		Contribución solar térmica (%)	
---------------------------	-----------------------------	--	--------------------------------	--

Data CEE	Sinaturas		Data visado proxecto execución	Data emisión acta recepción obra (só en caso de CEE edificio terminado)	Data emisión acta verificación (só en caso de aplicación control externo)
dd/mm/aaaa	Proxectista/dirección facultativa	Promotor(a)/propietario(a)			
			dd/mm/aaaa	dd/mm/aaaa	dd/mm/aaaa

## ANEXO C


 <b>XUNTA DE GALICIA</b> <b>CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA</b> D. X. de Industria, Enerxía e Minas Edif. advo. San Caetano, bloque 5 – 4ª planta. 15781 Santiago de Compostela	<b>CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA</b>		Selo rexistro
	Código de rexistro <sup>(1)</sup> : Data de inscrición no rexistro <sup>(2)</sup> : dd/mm/aaaa Validez máxima ata <sup>(3)</sup> : dd/mm/aaaa		
Proxecto:	CEE PROXECTO	CEE EDIFICIO TERMINADO	Concello/Localidade:
		Provincia:	

## Opción xeral CALENER GT

Descrición das características enerxéticas do edificio				
Zona climática (apéndice D, CTE-HE1)				
Superficie construída total (m <sup>2</sup> )				
Superficie útil total (m <sup>2</sup> )				
Área envolvente total (m <sup>2</sup> )				
% de ocios en fachada				
Volume acondicionado (m <sup>3</sup> )				
Compactidade				
Contribución solar de ACS (%)				
Envolvente térmica				
Concepto	Tipo	U (Wm <sup>2</sup> K)	U <sub>lim</sub> (Wm <sup>2</sup> K)	
Fachadas				
Muros en contacto co terreo				
Particións interiores en contacto con espazos non habitables				
Solos				
Cubertas				
Medianís				
Particións interiores				
Marcos de ocios e lucernarios				
		Factor solar	U (Wm <sup>2</sup> K)	U <sub>lim</sub> (Wm <sup>2</sup> K)
Vidros de ocios e lucernarios				

Data CEE	Sinaturas		Data visado proxecto execución	Data emisión acta recepción obra (só en caso de CEE edificio terminado)	Data emisión acta verificación (só en caso de aplicación control externo)
	Proxectista/dirección facultativa	Promotor(a)/propietario(a)			
dd/mm/aaaa			dd/mm/aaaa	dd/mm/aaaa	dd/mm/aaaa

## ANEXO C (continuación)

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> <b>CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA</b> D. X. de Industria, Enerxía e Minas Edif. adv. San Caetano, bloque 5 – 4ª planta. 15781 Santiago de Compostela	<b>CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA</b>		Selo rexistro
	Código de rexistro <sup>(1)</sup> : Data de inscrición en el rexistro <sup>(2)</sup> : dd/mm/aaaa Validez máxima ata <sup>(3)</sup> : dd/mm/aaaa		
Proxecto:	CEE PROXECTO	CEE EDIFICIO TERMINADO	Concello/Localidade:

## Opción xeral CALENER GT

Instalacións térmicas – equipos (marcar cun "X" a opción que corresponda e completar os datos correspondentes á opción marcada)						
<b>CALDEIRAS</b>	<b>Tipo</b>		<b>Nº de elementos</b>	<b>Rendemento</b>	<b>Potencia nominal (kW)</b>	<b>Combustible <sup>(18)</sup></b>
		Caldeira convencional				
		Caldeira baixa temperatura				
		Caldeira condensación				
<b>ACS</b>	<b>Tipo</b>		<b>Nº de elementos</b>	<b>Rendemento</b>	<b>Potencia nominal (kW)</b>	<b>Combustible <sup>(18)</sup></b>
		Caldeira de combustible				
		Caldeira eléctrica				
		Bomba de calor				
<b>PLANTAS ENFRIADORAS</b>	<b>Tipo</b>		<b>Nº de elementos</b>	<b>EER</b>	<b>Tipo condensación <sup>(19)</sup></b>	<b>Capacidade refraxeración nominal (kW)</b>
		Compresor eléctrico				
		Eléctrico con recuperación de calor				
		Absorción simple etapa				
		Absorción dobre etapa				
		Absorción por chama directa				
		Motor combustión interna	Combustible <sup>(18)</sup>			
		Bomba calor 2 tubos		<sup>(20)</sup>		
	Bomba calor 4 tubos		<sup>(20)</sup>			
<b>TORRES REFRAXERACIÓN</b>	<b>Tipo</b>		<b>Nº de elementos</b>	<b>Pot. ventilador por cela (kW)</b>	<b>Número de celas</b>	<b>Potencia nominal (kW)</b>
		Torre circuíto aberto				
		Torre circuíto pechado				
Instalacións térmicas – subsistemas secundarios (marcar cun X a opción que corresponda e completar os datos correspondentes á opción marcada)						
Tipos existentes no edificio						
	Autónomo de caudal constante			Todo aire caudal constante		
	Só ventilación			Todo aire dobre conduto		
	Autónomo de caudal variable			Ventiloconvectores (Fan-coil)		
	Autónomo de caudal variable temperatura variable			Termoventilación		
	Autónomo mediante unidades terminais			Só calefacción por efecto Joule		
	Autónomo bomba de calor auga/aire en circuíto cerrado			Enfriamento evaporativo		
	Todo aire caudal constante unizona			Climatizadora de aire primario		
	Todo aire caudal variable			Só calefacción por auga		

**(18)** Tipo de combustible distinguindo entre: E: electricidade, GN: gas natural, GAS: gasóleo, F: fuel – oil, GLP: gases licuados de petróleo (butano e propano), C: carbón, B: biomasa.

**(19)** Tipo condensación: AI: por aire, AG: por auga.

**(20)** Indicar, ademais do EER, el COP do equipo.

<b>Instalación solar térmica</b>	<b>Demanda de ACS (litros/día)</b>		<b>Contribución solar térmica (%)</b>	
<b>Xeración de enerxía eléctrica con enerxías renovables (fotovoltaica, outros...)</b>			<b>Enerxía xerada (kWh/ano)</b>	

Data CEE	Sinaturas		Data visado proxecto execución	Data emisión acta recepción obra (só en caso de CEE edificio terminado)	Data emisión acta verificación (só en caso de aplicación control externo)
dd/mm/aaaa	Proxectista/dirección facultativa	Promotor(a)/propietario(a)	dd/mm/aaaa	dd/mm/aaaa	dd/mm/aaaa